

Que pasa na Costa

O muradán Samuel L. París invade a rede con recitais e podcast



CULTURA

POESIA

INTERNET

RADIO

PODCAST



UBALDO CERQUEIRO

08:41 04/01/21

Non para o muradán Samuel L. París. O poeta punki, ex membro de Terbutalina está ultimamente invadindo a rede galega entre podcast e recitais.

Recitais como o que daba este pasado sábado no marco do XXIII Certame Internacional de Regueifas do **CVC de Valladares**, en Vigo. Unha visita na que aproveitou para recuperar varios textos do seu libro "Internacional de poesía anarquista", publicado o ano pasado por edicións positivas, pero que non puido ter as obrigadas presentacións oficiais. Esta antoloxía de poetas anarquistas de todo o mundo traducidos, con versión libre, ao galego, serviu para darlle un toque ao recital vigués (xa o podes atopar en numerosas poesías do país).

Samuel L. París - Recital no XXIII Certame Internacional de Regueifas

MBA MAL PODCAST

Pero ademais, unha das súas novas creacións dase en clave de podcast. O MBA MAL PODCAST, con Alberto Álvarez, está sendo unha revelación nos últimos meses, cunha creación continua e variada, con personalidades singulares do eido cultural.

Visible dende o Youtube pero tamén en spotify ou ivoox, non lle perdades o ollo.

MBA MAL x12 | CLAUSTRO con DE PAROLA, TÉ CON GOTAS, A WATTCOVA,
PODGALEGO e C'MMONS BABY!

Novas relacionadas

- 2018: [A poesía en crú de Samuel L. París.](#)
- 2012: [O poeta punki.](#)



COMENTARIOS

Sen comentarios



Deixa o teu comentario...



COPYRIGHT 2019 QUE PASA NA COSTA